

## Acta de reunión

<b>Órgano convocado</b>	Area de Formación							
<b>Lugar de reunión</b>	Aula 017				<b>Ordinaria</b>	<b>x</b>	<b>Extraordinaria</b>	<b>Urxente</b>
<b>Nº de reunión</b>	1 (18/19)	<b>Data</b>	27/09/18	<b>Hora inicio</b>	17:00	<b>Hora remate</b>	18:00	
<b>Moderador/a</b>	Alejandra López López							
<b>Secretario/a</b>								
<b>Propósito</b>	Reunión mensual da área de formación. Setembro.							
<b>Asistentes</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Ernesto Sanmartín Cobas. Coordinación de Biblioteca.</li> <li>▪ Victoriano Tomé Castro. Xefe do Departamento de Madeira, Moble e Cortiza</li> <li>▪ Reinaldo Miguéns Muñiz. Xefe do Departamento de Electricidade e Electrónica</li> <li>▪ Carlos Alberto Seoane Tarrío. Xefe do Departamento de Formación e Orientación Laboral</li> <li>▪ Eduardo Quintela Casal. Xefe do Departamento de Servizos Socioculturais e á Comunidade.</li> <li>▪ María Penela Rañón. Coordinación de ENLG</li> <li>▪ Alejandra López López. Xefa da Área de Formación</li> </ul>							

## Temas tratados

### 1. Presentación da nova composición da área de formación.

Toma a palabra a xefa de estudos e pasa a presentar a todos o membros que forman parte da área de formación, facendo fincapé nas novas incorporacións:

- Asume a xefatura de departamento de servizos socioculturais e á comunidade, Eduardo Quintela Casal.
- (Por petición posterior, engádese a Alberto Ibáñez García como novo xefe do Departamento de Transporte e Mantemento de vehículos)
- Encargada do ENDLG, preséntase a María Penela Rañón, que substitúe a Marcos Pérez Cardoso.
- Na Xefatura de estudos, Alejandra López López.

### 2. Seguimento mensual dos obxectivos de área.

Preséntanse os obxectivos da área de formación, neste primer momento aínda están na fase de programados.

### 3. Designación de profesorado para o DIOP e a CC de Convivencia.

- Eduardo Quintela propón para o DIOP a Mónica Pérez Touriño e para a CC de Convivencia a Yolanda Paz.
- Carlos Alberto Seoane, propón a Carmen Iglesias para o DIOP e que en canto á CC de Convivencia as compañeiras de departamento aínda o están a pensar.
- Victoriano Tomé, propón para o DIOP a Gumersindo Couso e para á CC de Convivencia ao mesmo profesor, pero que o confirmará mañá.
- Reinaldo Miguéns, dí que o ten programado para a reunión do vindeiro mércores e que o comunicará despois da mesma.

#### 4. Plans e proxectos de innovación a desenvolver por cada departamento durante o curso.

- Victoriano Tomé dí que desde o departamento de madeira, en principio non hai ningún.
- Reinaldo Miguéns, dí que no departamento de electrónica tratarán o tema na reunión do mércores.
- Carlos Alberto Seoane, dí que no departamento de FOL no hai ningún.
- Eduardo Quintela, dí que no departamento de Servizos, de momento, tampouco.

#### 5. Entrega de modelos oficiais de elección de módulos, idiomas, calibracións.

- Con respecto aos modelos oficiais de elección de módulos e idiomas, os xefes de departamento que aínda non o tiñan feito, entregan os modelos oficiais, agás o departamento de Automoción, que non está presente na reunión, e no departamento de FOL, o xefe do mesmo, comunica que lle queda algún pendente.
- A xefa de estudos, solicita que se envíen escaneados e os que falten se entreguen á maior brevidade posible.
- Con respecto as calibracións, a xefa de estudos, comunica que afecta aos departamentos de FOL e Automoción, en particular nos grupos de Elvea A e B. O xefe de departamento de FOL, dí que as soe facer en decembro e que me enviará a copia en dixital da acta de calibración.

#### 6. Rolda de intervencións.

- Ernesto Sanmartín, coordinador de Biblioteca, comenta que o horario de Biblioteca debe colocarse na porta de entrada da mesma.
- Victoriano Tomé, xefe do departamento de madeira, comenta que na súa reunión de departamento lle pediron que trasladara se de cara ao vindeiro curso poderían axilizarse máis o acceso a programacións e XADE. A xefa de estudos comenta que o envorcado dos datos ao XADE vai con cita previa, pero que de todos os xeitos, tras realizar as xestións oportunas conseguíuse adiantar á mesma.

- Reinaldo Miguéns, xefe do departamento de Electrónica, comenta que con respecto aos cursos de desempregados, (AFD), quisera saber como integrar este ensino, que a figura do coordinador quedou desamparada e solicita que se traslade ao equipo directivo a posibilidade de reducir unha hora no horario dos profesores que asuman a coordinación dos mesmos.
- Eduardo Quintela, pregunta si estes cursos foron impostos, contestando Reinaldo Miguéns que poden ser impostos ou solicitados, pero que neste caso concreto, foron solicitados.
- A xefa de estudos solicita candidatos para desenvolver as tarefas de Secretario da RAF, presentándose só Eduardo Quintela. Todos os presentes na RAF están de acordo, por unanimidade, con que asuma as devanditas tarefas.

#### Acordos

- Poñer un horario da Biblioteca ao carón da porta de entrada á mesma, cos profesores de garda. Encargada: Alejandra López
- Trasladar ao equipo directivo a solicitude que fai o departamento de electrónica de reducir unha hora no horario dos profesores que sexan coordinadores das AFD. Encargada : Alejandra López.

Visto e prace moderador/a

O/A secretario/a

Alejandra López López

Eduardo Quintela Casal

